# EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 18, 21-35

Naquel tempo, Pedro achegándose a Xesús, preguntoulle:

– «Señor, ¿cantas veces terei que perdoar a meu irmán se me segue ofendendo? ¿Ata sete veces?»

Respondeulle Xesús:

– «Non che digo ata sete veces, senón ata setenta e sete.

Por iso, o Reino dos Ceos é semellante a un rei que quixo facer as contas cos seus servidores. Cando empezaba, presentóuselle un que lle debía varios millóns. E como non tiña con que pagar, o señor ordenou que o vendesen a el con muller, fillos e canto tiña, para que así lle pagase.

O servidor botóuselle ós pés e suplicáballe:

“¡Ten paciencia comigo, que cho hei pagar todiño!”

O señor tivo dó daquel home e deixouno marchar, perdoándolle toda a súa débeda.

Pero, ó saír, o servidor aquel atopouse cun compañeiro que lle debía unha insignificancia e, agarrándoo pola gorxa, esganábao dicíndolle:

“Paga o que me debes.”

Botándose ós seus pés, o compañeiro suplicáballe:

“Ten paciencia comigo, que cho hei pagar todo.”

Pero non lle fixo caso e, aínda para máis, mandouno meter na cadea ata que lle pagase a débeda.

Os compañeiros, ó veren tal cousa, moi apesarados, fóronlle contar

ó seu señor todo o que pasara. Entón o señor mandouno chamar e díxolle:

“¡Servidor malvado! Eu perdoeiche toda aquela débeda, porque mo pediches. ¿E logo non debías ti tamén compadecerte do teu compañeiro, como eu me compadecín de ti?”

E todo anoxado, o señor entregouno ós verdugos ata que lle pagase toda a débeda.

Así tamén fará convosco meu Pai celestial, se non perdoades de corazón cada un a seu irmán.»